Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 22 de maio de 2024

(Mixta: 3POC + 3PNC)

[RRC/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **22 de maio de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña (P)
(Presidente)
Felisa Rodríguez Carrera (P)
(en substitución de Paula Prado del Río)
(Vicepresidenta -en funcións-)
Paloma Castro Rey (S)
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
Roberto Rodríguez Martínez
(en substitución de José Manuel Mato Díaz)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Emerxencias e Interior
Directora xeral de Administración Local
Secretario xeral para o Deporte

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as substitucións pertinentes. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Preguntas

1.1 1234 (12/POC-000185)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o balance do funcionamento do Plan de protección civil ante emerxencias por accidentes no transporte terrestre de mercadorías perigosas (Plan Transgal) e a valoración da actuación desenvolvida no accidente de Oroso do 22 de marzo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

O señor presidente, concédelle a palabra á señora Rodríguez Carrera (P), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa sobre o balance do funcionamento do Plan de protección civil ante emerxencias por accidentes.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia, o señor director xeral de Emerxencias e Interior (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Santiago Villanueva Álvarez.

Na rolda de réplica a señora Rodríguez Carrera (P), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, á vez que parabeniza á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior polas actuacións realizadas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do señor director xeral de Emerxencias e Interior (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Santiago Villanueva Álvarez, quen contesta ás consideracións formuladas á vez que lle agradece as felicitacións manifestadas.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 1241 (12/POC-000189)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre o orzamento dedicado polo Goberno galego á liña de subvencións para infraestruturas de uso público no ámbito municipal e a valoración das actuacións realizadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente concédelle a palabra ao señor Baladrón Lamas (P), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa sobre o orzamento dedicado á liña de subvencións para infraestruturas de uso público no ámbito municipal e valoración das actuacións levadas a cabo (No decurso da súa intervención a señora Rodríguez Carrera (P) ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión).

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a señora directora xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.

Na rolda de réplica o señor Baladrón Lamas (P) comenta a información recibida, que agradece e formula novas consideracións en base a ela, ás que lle contesta nunha nova intervención a señora directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

O señor presidente agradécelle á señora Prieto Viso, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e desculpa á súa ausencia na sesión, da que se ausenta.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 2104 (12/POC-000348)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o estado das infraestruturas deportivas dependentes da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

O señor presidente concédelle a palabra á señora Castro Rey (S), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), procede á formulación da súa iniciativa, sobre o estado das infraestruturas deportivas dependentes da Xunta de Galicia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa.

Na rolda de réplica a señora Castro Rey (S) comenta a información recibida e formula diversas consideracións sobre ela, ás que lle contesta nunha nova intervención o señor secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

O señor presidente agradécelle ao señor Lete Lasa, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión da que se ausenta.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo e pásase ao debate da primeira iniciativa:

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1643 (12/PNC-000196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta co obxecto de expresar a condena da intervención militar de Israel en Gaza
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

O señor presidente concédelle a palabra á señora Taibo Corsanego (BNG) quen, explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei e a razón de que se solicitase a súa tramitación polo procedemento de urxencia.

Previamente, o señor presidente comunica que a esta iniciativa se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 4493) e concédelle a palabra á señora Castro Rey (S), quen explica os motivos da súa emenda de adición e o pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes fai uso da palabra o señor Pazos Couñago (P), quen amosa os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, a señora Taibo Corsanego (BNG), expón diferentes consideracións a respecto das argumentacións do voceiro do grupo maioritario e anuncia que van aceptar a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 2718 (12/PNC-000346)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego no que se refire á mellora do financiamento dos concellos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

O señor presidente concédelle a palabra ao señor Insua Lema (BNG), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe poñer en marcha para mellora do financiamento dos concellos de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra os señores: Ojea

PARLAMENTO DE GALICIA

Bouzo (M), Abalde Alonso (S) e Marnotes Fernández (P); ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos os voceiros dos grupos parlamentarios da oposición, mentres que o voceiro do grupo maioritario anuncia o seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións o señor Insua Lema (BNG) comenta as argumentacións expostas polos anteriores intervenientes e insiste na defensa da súa proposta.

A continuación pásase ao debate da derradeira iniciativa:

2.3 **2983 (12/PNC-000379)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar o financiamento local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

Intervén o señor Abalde Alonso (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso sobre a demanda á Xunta de Galicia dun acordo coa Fegamp co fin de incrementar a autonomía financeira das entidades locais.

A esta proposición non de lei tampouco se presentaron emendas, polo que aberta a rolda dos grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento interveñen os señores: Ojea Bouzo (M), Insua Lema (BNG) e Marnotes Fernández (P); ambos intervenientes, logo expoñer as súas argumentacións a respecto da precitada proposta, anuncian o voto favorable os voceiros dos grupos parlamentarios da oposición e o rexeitamento do grupo maioritario.

Na rolda de puntualización o señor Abalde Alonso (S), comenta as argumentacións e postura do grupo maioritario, insiste na defensa da súa proposta, á vez que agradece o apoio amosado polos demais grupos parlamentarios da oposición.

Ao esgotarse o debate das iniciativas o señor presidente dá paso ao trámite das votacións pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. 1643 (12/PNC-000196), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; Sométese a votación o texto resolutivo orixinal que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 7 (GG.PP. S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións ..... 1 (G.P. M)

2) Iniciativa, **doc. 2718 (12/PNC-000346), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal que resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións 0

3) Iniciativa, **doc. 2983 (12/PNC-000379), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións 0

Sen máis asuntos que tratar o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:45 horas.

V.º e pr.

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Julio García Comesaña
Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.07 13:57:36 +02'00'

Paloma Castro Rey
Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Paloma Castro Rey , email=paloma.castro.rey@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.07 10:26:12 +02'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión